



**O CONCELLO DE NIGRÁN RENOVA O CAMPO DE FÚTBOL DE VILARIÑO
PARA EVITAR O DETERIORO DO CÉSPEDE**

**No terreo colocouse unha das dez toneladas de caucho adquiridas a
través dunha subvención da Deputación de Pontevedra**

**Esta intervención permite un óptimo mantemento do terreo de xogo para
facilitar a práctica deportiva entre a veciñanza**

Nigrán, 11/02/16.- O Concello de Nigrán vén de concluír as obras de renovación do campo de fútbol de Poutón-Vilariño coa colocación dunha das dez toneladas de caucho adquiridas grazas a unha subvención da Deputación de Pontevedra. Esta intervención pretende evitar o deterioro que viña sufrindo o céspede artificial do terreo de xogo debido á falta de mantemento rexistrada nos últimos anos por parte do consistorio.

"Con esta remodelación queremos consolidar o noso compromiso co deporte nigranés de base e coas instalacións públicas necesarias para facilitar a práctica deportiva das rapazas e rapaces do municipio. Esta actuación é necesaria e imprescindible para que unha inversión tan importante como a que se fixo no seu día non se perda por falta de coidados", declara Juan González, alcalde de Nigrán.

O campo de fútbol de Vilariño experimentou distintas adaptacións ao longo dos últimos anos. O ente provincial colocou por primeira vez herba sintética neste terreo en 2005 dentro dun proxecto integral do estadio cuxa inversión ascendeu a 600.000 euros. Sete anos despois, foi preciso renovar de novo o céspede por falta de mantemento cun investimento de 308.793 euros.

Equipamentos deportivos



As tarefas de remodelación do campo de Poutón-Vilariño enmárcanse na solicitude realizada dende o Concello a comezos do pasado mes de decembro á Deputación de Pontevedra para a adquisición de equipamentos deportivos para as instalacións municipais. En total, compráronse dez toneladas de caucho por valor de 3.509 euros. As que faltan por colocar gardaranse para futuras intervencións noutros espazos da localidade.

Os cartos restantes desta subvención empregaranse ademais na substitución das vellas canastras do espazo deportivo de Dunas de Gaifar por dúas fixas con aro e taboleiro (1.641 euros), así como dúas redes antivandálicas para as pistas de A Ramallosa (26 euros).

“O Concello ten o deber de fomentar o deporte entre a veciñanza e a necesidade de proporcionar unhas instalacións que contribúan ao desenvolvemento da práctica deportiva, xa que non falamos só do beneficio que reporta a nivel de saúde, senón tamén do seu papel esencial para a transmisión de valores moi importantes na sociedade”, apunta González.

EL AYUNTAMIENTO DE NIGRÁN RENUEVA EL CAMPO DE FÚTBOL DE VILARIÑO PARA EVITAR EL DETERIORO DEL CÉSPED

En el terreno se colocó una de las diez toneladas de caucho a través de una subvención de la Diputación de Pontevedra

Esta intervención permite un excelente mantenimiento del terreno de juego para facilitar la práctica deportiva entre los vecinos

Nigrán, 11/02/16.- El Ayuntamiento de Nigrán puso fin a las obras de renovación del campo de fútbol de Poutón-Vilariño con la colocación de una de las diez toneladas de caucho adquiridas gracias a una subvención de la



Diputación de Pontevedra. Esta intervención pretende evitar el deterioro que venía sufriendo el césped artificial del terreno de juego debido a la falta de mantenimiento registrada nos últimos años por parte del consistorio.

"Con esta remodelación queremos consolidar nuestro compromiso con el deporte nigranés de base y con las instalaciones públicas necesarias para facilitar la práctica deportiva de las chavalas y rapaces del municipio. Esta actuación es necesaria e imprescindible para que una inversión tan importante como la que se hizo en su día no se pierda por falta de cuidados", declara Juan González, alcalde de Nigrán.

El campo de fútbol de Vilariño experimentó distintas adaptaciones a lo largo de los últimos años. El ente provincial colocó por primera vez hierba sintética en este terreno en 2005 dentro de un proyecto integral del estadio cuya inversión ascendió a 600.000 euros. Siete años después, fue preciso renovar de nuevo el césped por falta de mantenimiento con una inversión de 308.793 euros.

Equipaciones deportivas

Las tareas de remodelación del campo de Poutón-Vilariño se enmarcan en la solicitud realizada desde el Ayuntamiento a comienzos del pasado mes de diciembre a la Diputación de Pontevedra para la adquisición de equipaciones deportivas para las instalaciones municipales. En total, se compraron diez toneladas de caucho por valor de 3.509 euros. Las que faltan por colocar se guardarán para futuras intervenciones en otros espacios de la localidad.

El dinero restante de esta subvención se emplearán además en el relevo de las viejas canastas del espacio deportivo de Dunas de Gaifar por dos fijax con aro y tablero (1.641 euros), así como dos redes antivandálicas para las pistas de A Ramallosa (26 euros).



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

"El Ayuntamiento tiene el deber de fomentar el deporte entre el vecindario y la necesidad de proporcionar unas instalaciones que contribuyan al desarrollo de la práctica deportiva, ya que no hablamos sólo del beneficio que reporta a nivel de salud, sino también de su papel esencial para la transmisión de valores muy importantes en la sociedad", apunta González.